

SEPE

VACACIÓNS

3/8/2026

O SEPE impón un criterio restritivo sobre as vacacións tras a maternidade e a CIG leva o asunto ao Defensor del Pueblo.

A CIG dirixiuse ao SEPE para solicitar explicacións sobre o criterio que se está aplicando no organismo respecto das vacacións pendentes do persoal que se reincorpora tras un permiso por nacemento e coidado de menor. A nosa preocupación xorde porque se está trasladando ás traballadoras afectadas a obriga de consumir esas vacacións de maneira inmediata ou moi próxima á finalización do permiso, limitando na práctica a súa capacidade para decidir cando desfrutalas.

Na resposta remitida á CIG, o SEPE confirmou que existe un criterio organizativo de carácter xeral polo que se propicia que as vacacións pendentes derivadas destas situacións se desfruten de forma inmediata ou próxima á finalización do correspondente permiso, xustificándoo en razóns de planificación e organización dos recursos humanos.

Desde a CIG non compartimos esta interpretación. A normativa recoñece o dereito a desfrutar posteriormente as vacacións que non puideron gozarse por coincidir cun permiso de maternidade, establecendo un prazo amplo para facelo, pero en ningún momento impón a obriga de consumilas xusto ao rematar ese permiso.

Ninguén discute que as vacacións deban compatibilizarse coas necesidades do servizo. O que cuestionamos é que se pretenda resolver esta cuestión mediante un criterio uniforme para todo o organismo, como se as necesidades fosen exactamente as mesmas en todas as Direccións Provinciais, oficinas de prestacións e centros de traballo do Estado durante todo o ano. A lei fala de necesidades do servizo, non de restricións xerais e automáticas.

Por ese motivo, a CIG presentou unha queixa ante o Defensor del Pueblo para solicitar a súa intervención e defender que o desfrute das vacacións se realice conforme ao previsto na normativa, co único límite das necesidades reais e debidamente xustificadas do servizo, e non por unha imposición previa que restrinxa dereitos sen cobertura legal expresa.

Seguiremos traballando e empregando todas as vías ao noso alcance para combater este criterio e garantir que os dereitos de conciliación do persoal do SEPE sexan respectados. Informarémolos de calquera novidade que se produza neste asunto.